



LAGO CASTIÑEIRAS E COTORREDONDO



Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 2 km (circular)

Dificultade: baixa

Duración: 1 hora



O lago Castiñeiras na primavera.



Camiño entre carballos.

O Parque da Natureza de Cotorredondo e Lago Castiñeiras é un lugar próximo ás cidades de Marín e Pontevedra no que podemos gozar dun día da natureza practicando senderismo, observando plantas e animais ou contemplando amplas panorámicas das rías de Pontevedra e Vigo. Está situado na zona central da Península do Morrazo, en terreos dos concellos de Marín e Vilaboa cunha altitude media de 400 m sobre o nivel do mar. Ocupa unha superficie de 70 hectáreas, propiedade das comunidades de montes.

Estruturase arredor do Lago e os regatos que o alimentan, dando lugar a un espazo no que podemos atopar varios ecosistemas: lago, brañas, regatos, arboreda autóctona, plantacións forestais e ornamentais, matogueira... Un aspecto importante é a presenza de elementos megalíticos, entre os que destacan algúns petróglifos e varias mámoas, entre as que destaca a "Mamoia do Rei".

O parque conta cunha Aula de Natureza (creada no ano 1988), un Centro de Recuperación de Fauna Silvestre, áreas recreativas, zona de xogos infantís, paneis informativos e un miradoiro no cume de Cotorredondo (actualmente pechado).



Rego de Castiñeiras.

PERCORRIDO

Unha camiñada, curta na distancia pero engaiolante no percorrido, uns 2 km se seguimos só o carreiro que rodea a lagoa de Castiñeiras e o parque biolóxico, case 6 km se facemos tamén a subida e a baixada ao miradoiro de Cotorredondo, e un máis se nos achegamos a ver as mámoas; que podemos alongar no tempo tanto como nos demoremos en ver polo miúdo os pequenos detalles que xurden a cada paso e as distintas especies forestais que se atopan espalladas pola contorna, a meirande parte delas son alleas á flora do país pero teñen interese ornamental ou forestal, as máis destacadas son a carreira de tuias, o plantío de carballos americanos, as criptomeras, as acacias negras, os bidueiros, os taxodios, os abetos de Douglas, castiñeiros, algún carballo e os piñeiros tristes de México. Unha camiñada que se pode facer en calquera época pero que no outono, coa muda de cor e a caída das follas, adquire un colorido especial.

Deixamos o coche ao pé da lagoa, que podemos ver desde o dique en case toda a súa extensión co telón de fondo de bidueiros, salgueiros, criptomeras, e acacias negras; e subimos pola estrada, cortada ao tráfico e beireada pola carreira de tuias, que pasa por diante dos edificios do servizo forestal e do centro de recuperación da fauna, levando á dereita o plantío de carballos americanos, entre os que hai algúns bidueiros e liquidámbares, que nos días de outono nos engadan coa súa transformación que, nunha increíble gama de cores, vai do verde ao case negro, para facerse logo vermello, laranxa e amarelo para, despois de deixar as ponlas, cubrir o terreo cunha alfombra dourada e ocre entre a que saen, aquí e alá pequenos grupos de flores de outono e de cogomelos; e á esquerda os peches dos xardíns dos edificios nos que locen, illadas varias coníferas ornamentais. No remate do tramo cortado atopamos á esquerda dous alciprestes de California, bastante estragados, un fermoso carballo americano e un castiñeiro de bo porte. Seguimos camiñando pola beira da estrada, levando á esquerda os peches do parque biolóxico, acompañados de distintas especies de árbores coníferas e frondosas, entre as que aparecen castiñeiros e bidueiros, ata que chegamos ao cruzamento coa estrada, xusto en fronte temos a estrada que sube ao cumo do Cotorredondo para gozar, desde distintos puntos, das panorámicas da enseada de San Simón no interior da ría de Vigo e das vistas da ría de Pontevedra, ...mágoa que a torre miradoiro estea pechada! O monte de Cotorredondo está cuberto en parte por unha plantación forestal na que os comuneiros incluíron grandes áreas de especies autóctonas de folla caediza que xa comezan a poñer a súa nota de cor na paisaxe. A volta faise pola mesma estrada que a subida, aínda que tamén se pode baixar polo cortalumes pero está algo estragado e ten moita pendente. Ao chegar ao empalme coa estrada seguímola cara á dereita uns 200 m, do outro lado veremos unhas grandes acacias negras, e logo meténdonos por un carreiro que sae á dereita, polo cortalumes, chegamos nuns 300 m nunha pista, unha vez alí collemos á esquerda, cara a un transformador, e uns 20 m antes de chegar a el temos á esquerda a Mámoa do Rei algo agochada entre as xestas. Seguimos logo cara ao transformador e chegamos a unha estrada asfaltada, alí collemos á esquerda ata a bifurcación, desde ese punto vese, de fronte, á beira dun camiño que ven a esa estrada, outra mámoa, esta máis pequena e sen cuberta, e nos arredores restos de outras. Despois de velas, cruzando a área de lecer, podemos volver á estrada e desde alí á parte de atrás do Centro de Recuperación da Fauna para achegarnos ao regueiro que alimenta a lagoa donde atoparemos un gran carballo americano e un grupo de taxodios ou alciprestes dos pantanos, unhas curiosas coníferas de orixe americana que viven ao pé da auga e perden as follas no inverno, uns vellos bidueiros e un rodal de castiñeiros co chan cuberto de ourizos; antes de chegar a lagoa, e xusto onde comeza, á esquerda, temos un grupo de alciprestes de Douglas ou piñeiros de Oregón unhas coníferas que poden acadar grandes alturas, despois delas temos unhas criptomeras ou cedros do Xapón, das variedades común e elegans, e diante un pequeno grupo de piñeiros choróns mexicanos e un grupo de bidueiros no que rematamos a ruta, xusto ao pé da estrada e do sitio onde deixamos o coche.



XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS

Outro dos valores deste espazo é a presenza de interesantes xacementos arqueolóxicos do período Megalítico e da Idade do Bronce, como mámoas e petroglifos, que conforman o chamado “Chan de Castiñeiras” no que hai oito dolmes, entre os que destaca a Mámoa do Rei.



Carballo americano
(*Quercus rubra*)
-3,42 m de perímetro.



Eucalipto branco de río (*Eucalyptus elata*)
Cotorredondo.
-2,18 m de perímetro



Alcipreste de Lawson
(*Chamaecyparis lawsoniana*)
-2,46 m de perímetro.



Criptomeria (*Cryptomeria japonica*)
-3,31 m de perímetro



Acacia negra (*Acacia melanoxylon*)
-3,82 m de perímetro.



Tuia xigante (*Thuja plicata*)
-2,83 m de perímetro.



Salgueiro (*Salix atrocinerea*)
-2,83 m de perímetro.



Carreira de tuias.




A ría de Vigo desde Cotorredondo.



A Enxada de San Simón desde Cotorredondo.



O lago Castiñeiras na primavera.



O lago Castiñeiras no outono.